

Informe sobre as afiliacións á Seguridade Social


Período de referencia: Xullo de 2025

Data de publicación: 4 de agosto de 2025

Principais resultados

- No mes de xullo de 2025, o número de afiliacións en Galicia situouse en 1.113.486, polo que aumentou un 1,84 % respecto ao mesmo mes de 2024. En España, rexistrouse unha taxa de variación interanual do 2,26 %.
- En Galicia, en termos interanuais, as afiliacións ao réxime xeral subiron un 2,42 %, mentres que no réxime especial de autónomos baixaron un 0,18 %.

Evolución das taxas de variación interanuais (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>

1. Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xullo de 2025 acadou a cifra de 1.113.486; o que supón un aumento respecto ao mes pasado de 10.835 afiliacións (0,98 %). Para España, a cifra de afiliacións sitúase en 21.865.503, rexistrando un aumento do 0,02 % con respecto ao mes pasado.

Na comparativa interanual (xullo de 2025 con xullo de 2024), obsérvase un aumento de 20.112 afiliacións en Galicia (1,84 %) e un aumento do 2,26 % (482.397 afiliacións) en España.

Por comunidades e cidades autónomas e con respecto ao mes de xuño de 2025, rexístrase un incremento das afiliacións en 10 delas, sendo Illas Baleares (1,91 %) e Cantabria (1,83 %) as que experimentan o maior incremento e A Ríoxa (-0,88 %) a que sofre o maior descenso.


En canto ás taxas con respecto a xullo de 2024, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades e cidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Ceuta (3,90 %) e Canarias (3,16 %).

Evolución das afiliacións por comunidades e cidades autónomas

CCAA	Afiliación media Xullo 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
Andalucía	3.492.817	-16.335	-0,47	76.980	2,25
Aragón	639.974	-2.257	-0,35	12.024	1,91
Asturias, Principado de	398.105	4.446	1,13	7.613	1,95
Baleares, Illas	670.560	12.579	1,91	16.203	2,48
Canarias	934.115	-4.112	-0,44	28.596	3,16
Cantabria	243.925	4.388	1,83	4.927	2,06
Castela e León	1.004.360	5.620	0,56	13.931	1,41
Castela-A Mancha	811.635	5.767	0,72	16.459	2,07
Cataluña	3.912.345	6.887	0,18	76.269	1,99
Comunidade Valenciana	2.227.399	6.968	0,31	67.188	3,11
Extremadura	425.817	3.297	0,78	5.361	1,28
GALICIA	1.113.486	10.835	0,98	20.112	1,84
Madrid, Comunidade de	3.776.154	-25.385	-0,67	95.050	2,58
Murcia, Rexión de	684.570	-679	-0,10	20.555	3,10
Navarra, Comunidade Foral de	315.726	-538	-0,17	5.474	1,76
País Vasco	1.023.299	-5.846	-0,57	10.661	1,05
Ríoxa, A	141.786	-1.258	-0,88	3.408	2,46
Ceuta	24.087	-189	-0,78	905	3,90
Melilla	25.344	224	0,89	681	2,76
ESPAÑA	21.865.503	4.408	0,02	482.397	2,26

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridade Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>

Contribución das comunidades e cidades autónomas na variación interanual da afiliación mensual (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>

2. Información por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto a xullo de 2024 en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,18 %, seguida de Ourense (2 %), Pontevedra (1,61 %) e Lugo (1,13 %).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xullo con respecto ás do mes de xuño, Pontevedra é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do 1,29 %, seguida de Lugo (1,13 %), A Coruña (0,77 %) e Ourense (0,66 %).

Evolución das afiliacións á Seguridade Social. Galicia e provincias

	Afiliación media Xullo 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
A Coruña	484.098	3.686	0,77	10.306	2,18
Lugo	129.416	1.449	1,13	1.451	1,13
Ourense	109.525	718	0,66	2.151	2,00
Pontevedra	390.446	4.981	1,29	6.202	1,61
GALICIA	1.113.486	10.835	0,98	20.112	1,84
ESPAÑA	21.865.503	4.408	0,02	482.397	2,26

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>


3. Información segundo o réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,93 % das afiliacións galegas en xullo de 2025, aumentaron un 1,18 % con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento dun 2,42 %. En España, estas taxas foron do 0,05 % con respecto a xuño de 2025 e do 2,51 % en relación ao mes de xullo de 2024. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (75,16 %).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,56 %) e Ourense (-0,5 %) presentan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,22 %) e A Coruña (0,08 %) presentan unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,18 %. Para este réxime e con respecto ao mes de xuño de 2025, baixan as afiliacións en Lugo (-0,24 %) e Ourense (-0,19 %), mentres que soben en Pontevedra (0,18 %) e A Coruña (0,01 %). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do 0,01 %. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,97 % e unha baixada intermensual do 0,21 %.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xullo de 2024, todas as provincias presentan unha taxa de variación interanual negativa: Pontevedra (-3,49 %), Lugo (-2,3 %) e A Coruña (-2,21 %). A taxa galega acada entón o -3,05 %. Con respecto a xuño de 2025, soben as afiliacións en todas as provincias: Pontevedra (2,9 %), A Coruña (2,33 %) e Lugo (0,67 %). A taxa galega é do 2,57 %. As taxas nacionais indican unha baixada interanual do 0,25 % e unha subida intermensual do 2,68 %.

Distribución das afiliacións galegas por réximes (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>

Afiliacións por réximes e provincias

Total

	Afiliación media Xullo 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	484.098	0,77	2,18
Lugo	129.416	1,13	1,13
Ourense	109.525	0,66	2,00
Pontevedra	390.446	1,29	1,61
GALICIA	1.113.486	0,98	1,84
ESPAÑA	21.865.503	0,02	2,26

Réxime xeral

	Afiliación media Xullo 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	395.033	0,91	2,69
Lugo	97.274	1,58	2,07
Ourense	87.331	0,88	2,66
Pontevedra	310.381	1,48	2,13
GALICIA	890.019	1,18	2,42
ESPAÑA	18.383.480	0,05	2,51

Réxime especial de autónomos

	Afiliación media Xullo 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	84.017	0,01	0,08
Lugo	30.780	-0,24	-1,56
Ourense	22.194	-0,19	-0,50
Pontevedra	68.140	0,18	0,22
GALICIA	205.132	0,01	-0,18
ESPAÑA	3.414.373	-0,21	0,97

Réxime especial do mar

	Afiliación media Xullo 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	5.048	2,33	-2,21
Lugo	1.362	0,67	-2,30
Ourense	0		
Pontevedra	11.925	2,90	-3,49
GALICIA	18.335	2,57	-3,05
ESPAÑA	66.772	2,68	-0,25

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>

4. Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridad Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridad Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>